

GERTRUDE BELLE ELION

Filla dunha familia de emigrantes, Gertrude Belle Elion naceu en Nova Iorque en 1918. Ao rematar os estudos de secundaria, por mor da inestabilidade económica familiar provocada polo crac do 29, non puido acceder á Universidade; pero, grazas ás súas excelentes notas puido entrar nunha universidade pública, o *Hunter College*, onde se licenciou en Química en 1937.

A falta de recursos económicos fixo que tivera que entrar a traballar como axudante dun químico, alternando este traballo coa docencia de Física e Química en varios centros de educación superior. Combina o traballo cos estudos e en 1941 obtén un Mestrado en Ciencias Químicas pola Universidade de Nova Iorque.

O estalido da II Guerra Mundial provocou a escaseza de técnicos de laboratorio, permitindo a entrada de mulleres neste campo. Daquela, Gertrude comezou a traballar como asistente do Doutor George Hitchings e no seu laboratorio converteuse nunha experta en Química Orgánica, traballando en campos da Farmacoloxía, a Inmunoloxía ou a Bioquímica. O seu traballo deu os primeiros froitos a finais da década dos 40, cando lograron demostrar que a inhibición da síntese do ADN nas células tumorais, bacterias e virus podía conseguirse utilizando análogos dos ácidos nucleicos.

Elion revolucionou e desenvolveu numerosos fármacos para mellorar a calidade de vida das persoas. Entre os seus descubrimentos destaca o fármaco AZT para o tratamento da SIDA, o *Imuran*, un medicamento que facilita os transplantes de rila, axudando ao corpo para que acepte os órganos transplantados ou o *Aciclovir*, un fármaco para o tratamento do virus do herpes.

O seu traballo foi merecedor do Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina en 1988 polo descubrimento de importantes principios no tratamento con fármacos.

Gertrude Elion faleceu en 1999 despois dunha vida dedicada á Farmacoloxía enfocada á curación de doenzas.

Hugo Gil Míguez

1º Bacharelato A